

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Orde do 14 de abril de 2005 pola que se convocan 30 bolsas para artistas galegos e non galegos para a realización de obra artística.

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo ten entre as súas competencias a protección e a promoción das artes plásticas, así como a potenciación da creatividade para dar a coñecer novos creadores que están a xurdir no panorama da plástica galega.

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo é sabedora da importancia que ten este labor continuo de apoio, e está segura de que a súa colaboración desempeña un papel fundamental na apertura de novos camiños e posibilidades para o desenvolvemento de novos proxectos artísticos.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse 30 bolsas para realizar obra artística, destinadas a creadores e creadoras que permanecerán en réxime de internado en Santiago de Compostela durante o mes de setembro. A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo encargárase do aloxamento e da manutención durante os 30 días de duración da bolsa. Así mesmo unha vez rematado o encontro, a consellería organizará unha exposición das obras realizadas polos artistas durante o período de traballo.

Artigo 2º.-Imputación orzamentaria e contía.

A convocatoria realízase con cargo á aplicación orzamentaria 10.02.357A.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005, por un importe de cento seis mil euros (106.000 €), e queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán concorrer a esta convocatoria os artistas galegos ou non galegos, cuxa idade non supere os 35 anos o 31 de decembro de 2005.

2. A distribución das bolsas será a seguinte: 22 bolsas estarán destinadas a galegos e 8 a non galegos. No caso de non se cubriren un dos cupos, completáranse as prazas escollendo da outra cota.

Artigo 4º.-Modalidades.

Establécense cinco modalidades: pintura, escultura, fotografía, gravado e instalacións. O tema, a técnica e materias empregados serán de libre elección polo artista.

Artigo 5º.-Solicitudes.

1. Os artistas que desexen acollerse a esta orde deberán presentar a correspondente solicitude, no prazo de 40 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, mediante instancia dirixida ao conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, segundo o modelo que figura como anexo I desta orde, e presentarana no rexistro xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, nos

registros das delegacións provinciais desta, ou por calquera dos outros medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

2. A solicitude irá xunto coa seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou pasaporte, e, no caso dos residentes en Galicia, o documento que acredite a súa condición de residente na nosa comunidade autónoma.

b) Currículo vitae.

c) Proxecto da obra que vai executar que incluirá: memoria explicativa do traballo artístico que se vai desenvolver, planos, bosquejos e todo o material informativo que facilite a comprensión da obra.

Artigo 6º.-Comisión de valoración.

Unha comisión de valoración designada pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, tras examinar as solicitudes e valorar os proxectos, fará unha selección dos proxectos presentados, ata un máximo de trinta. Poderanse deixar en reserva 5 por cada cota por se se producisen renuncias ou vacantes. A dita comisión estará presidida pola directora xeral de Promoción Cultural e integrada por un mínimo de tres e un máximo de cinco persoas relacionadas coa materia obxeto da convocatoria e actuando como secretario unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Promoción Cultural.

Artigo 7º.-Condicións técnicas.

1. Cada artista que resulte seleccionado/a deberá desenvolver o seu traballo durante todo o mes de setembro na cidade de Santiago de Compostela, utilizando o aloxamento e os talleres que para este programa porá á súa disposición a Dirección Xeral de Promoción Cultural.

2. A produción dos traballos artísticos seleccionados será financiada pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, ata un máximo global de 32.000 €, e individual de 800 por alumno.

Artigo 8º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Rematado o mes de traballo realizarase en Santiago de Compostela unha exposición coas obras dos trinta artistas seleccionados.

2. Os gastos de envío dos proxectos e da retirada das obras correrán por conta dos interesados.

Artigo 9º.-Normas subsidiarias.

Os proxectos non seleccionados poderán ser recollidos nas dependencias da Dirección Xeral de Promoción Cultural (edificio administrativo San Caetano, bloque 3-2º, Santiago de Compostela), antes do 1 de decembro de 2005. Pasada esta data archivaranse sen máis trámite.

A participación nesta convocatoria supón a aceptación destas bases.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora xeral de Promoción Cultural para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2005.

Jesús Pérez Varela

Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

PROCEDEMENTO <i>BOLSAS PARA ARTISTAS GALEGOS E NON GALEGOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRA ARTÍSTICA</i>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <i>CJ234B</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUDE</i>
---	--	---------------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	CIF/NIF	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DA BOLSA SOLICITADA

PROXECTO PARA REALIZAR
CUSTO DO PROXECTO

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- FOTOCOPIA DO DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE OU PASAPORTE, E NO CASO DOS RESIDENTES EN GALICIA, CERTIFICADO DE EMPADRONAMENTO.
- CURRICULO VITAE.
- PROXECTO DA OBRA QUE SE VAI EXECUTAR QUE INCLUIRÁ:
- MEMORIA EXPLICATIVA DO TRABALLO ARTÍSTICO QUE SE VAI DESENVOLVER, PLANOS, BOSQUEXOS, E TODO O MATERIAL INFORMATIVO QUE FACILITE A COMPRENSIÓN DA OBRA.

OBSERVACIÓNS

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 14 de abril de 2005 pola que se convocan 30 bolsas para artistas galegos e non galegos para a realización de obra artística.

Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lei dos orzamentos xerais da CAG para o 2005.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

Orde do 14 de xuño de 2005 pola que se convocan subvencións para o fomento do turismo de saúde na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 9 de decembro (DOG nº 244, do 17 de decembro de 2004), da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, regula as axudas económicas para o fomento do turismo de saúde, no seu artigo 2 dispónse que as axudas que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 10.05.651A.770.0, recollida no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, e o importe destinado a elas ascenderá a 2.836.389,50 €.

Dado que o importe establecido na Orde do 9 de decembro de 2004 resulta insuficiente para atender ás axudas solicitadas, faise necesario incrementar o dito importe polo que cómpre modificar a orde no que respecta a este punto.

De acordo co anteriormente exposto e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente,

DISPÓÑO:

Artigo único.-Modificar o artigo 2 da Orde do 9 de decembro de 2005, da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pola que se convocan subvencións para o fomento do turismo de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia, quedando redactado do seguinte xeito:

Artigo 2º.-Determinacións orzamentarias.

Ás ditas concesións, que se rexen polos principios de publicidade, concorrencia competitiva e obxectividade, imputaranse os créditos para 2005 da aplicación orzamentaria 10.05.651A.770.0, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e a elas destínase un importe de 5.616.000 €, distribuídos en tres anualidades, a saber, no ano 2005, 3.495.068,46 € no ano 2006, 385.322,14 € e no ano 2007 1.735.609,40 €.

Como as subvencións concedidas teñen carácter plurianual, haberá que aterse ao que dispoñen os artigos 16.2º e 17 do Decreto 287/2000, do 21 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos do pagamento correspondente ás anualidades dos exercicios do 2005, 2006 e de 2007 sendo nestas axudas posible a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade pero o seu importe, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, superen a porcentaxe máxima do investimento subvencionable segundo o legalmente establecido.

As actuacións subvencionables encaminadas á creación e mellora de hoteis -balnearios e hoteis-talaso, poderán acadar unha axuda económica de ata o 40% sobre o investimento subvencionable. Engadiranse seis mil cen euros (6.100 €) por cada posto de traballo que se vai crear con carácter indefinido e que supere a porcentaxe mínima de contratación estable que, para ser beneficiario de subvención, se exige nesta orde sen que en ningún caso co dito incremento se supere a porcentaxe do 40% do investimento subvencionable.

As actuacións subvencionables encamiñadas á creación ou mellora de hoteis-spa poderán acadar unha axuda económica de ata o 30% sobre o investimento subvencionable. Engadiranse seis mil cen euros (6.100 €) por cada posto de traballo que se vai crear con carácter indefinido e que supere a porcentaxe mínima de contratación estable que, para ser beneficiario de subvención, se exige nesta orde.

O importe total da subvención será distribuído en tres anualidades.

No caso de que os proxectos presentados ao curso de subvención obxecto desta orde fosen de tal importancia para os obxectivos turísticos e tal feito determinase que se fixese preciso ampliar o importe do crédito determinado neste artigo, a Dirección Xeral de Turismo fará a correspondente proposta nos termos establecidos na normativa orzamentaria.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a directora xeral de Turismo para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.
Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2005.

Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura, Comunicación
Social e Turismo

Orde do 16 de xuño de 2005 pola que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada polo persoal da Compañía de Radio Televisión de Galicia e das súas sociedades para os días 17 e 19 de xuño de 2005.

De acordo co disposto no artigo 1 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño, o exercicio do dereito de folga do persoal que exerce a súa actividade en entidades públicas encargadas da prestación de calquera tipo de servizo público enténdese condicionado a que se manteñan os servizos esenciais definidos no artigo 2 do mesmo decreto.

O artigo 3 do devandito decreto faculta o conselleiro competente por razón do servizo esencial afectado para que, mediante orde e ante cada situa-